



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
AUGAS DE GALICIA



Praza de Camilo Díaz Viana, 1  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 844 888. Fax 981 844 834  
augasdegalicia@xunta.es  
http://augasdegalicia.xunta.es

Número de resolución: 071/071/S/4  
Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2013  
Páxina 1 de 6

CONCELLO DE PORTO DO SON  
(A CORUÑA)  
REGISTRO XERAL  
Porto do Son 16 AGO. 2013  
ENTRADA N.º 6136  
SAIDA

08:53

CONCELLO DE PORTO DO SON

Campo da Atalaia, s/n  
15970 - PORTO DO SON

Nº Identificación: C071071

**RESOLUCIÓN DE IMPOSICIÓN DE SANCIÓN TRIBUTARIA EN MATERIA DE  
CANON DE SANEAMENTO**

**I. FEITOS**

1.- Vista a proposta de resolución de expediente sancionador ao Concello de Porto do Son, emitida polo intrutor do expediente sancionador en data 8 de maio de 2012, e notificada ao interesado en data 23 de maio de 2013, pola comisión de :

- 5 infraccións tributarias graves, tipificadas no artigo 201 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.
- 6 infraccións tributarias graves, tipificadas no artigo 191.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.
- 8 infraccións tributarias leves, tipificadas no artigo 198.1 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.
- 1 infracción tributaria grave, tipificada no artigo 203.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

2.- Vistas as alegacións presentadas polo Concello de Porto do Son en data 10 de xuño de 2013, baseadas nas seguintes consideracións:

- En primeiro lugar, o Concello de Porto do Son indica que a falla de presentación das liquidacións e, consecuentemente, o non ingreso das cantidades correspondentes, resulta imputable ao procedemento de reorganización da Tesourería municipal e do Servizo de Recadación, levado a cabo durante os anos 2007 e 2008, para o que foi preciso substituír as aplicacións informáticas de xestión tributaria e os equipos informáticos, resultando imposible, a causa disto, o cumprimento das obrigas tributarias nos prazos establecidos debido ás dificultades inherentes á migración dos sistemas, xunto co limitado dos recursos humanos dispoñibles. En consecuencia, o Concello de Porto do Son considera que non debe prexulgarse a existencia de intencionalidade na conduta municipal, que sempre foi de colaboración con Augas de Galicia, na medida que as súas posibilidades técnicas e humanas llo permitiron.

Polo tanto, o Concello de Porto do Son considera desproporcionada a cualificación dos feitos imputados, dado que non se pode apreciar intencionalidade nin mala fe na súa



actuación, senón precariedade de medios técnicos e persoais para o cumprimento das obrigas previstas na normativa, polo que estiman debe acordarse o arquivo do expediente sancionador, tendo en conta, ademais, que se procedeu á regularización tributaria proposta na acta de desconformidade C071071/12, a cal se aceptou integramente.

- En segundo lugar, e para o caso de non ser aceptado o arquivo do expediente sancionador, indican que o mesmo haberá de resolverse acordando a improcedencia de impoñer parte das sancións propostas pola suposta comisión de infraccións tributarias posto que de conformidade co previsto no artigo 189.2 da Lei Xeral Tributaria, ten que considerarse prescrito o prazo para a súa imposición.

Deste xeito, de acordo co disposto no artigo 189.2 e 3 da Lei Xeral Tributaria, e tendo en conta que este Ente estendeu a súa acta de inspección o 22 de febreiro de 2013 o alegante considera que tería prescrito o prazo para a sanción das infraccións previstas no artigo 201 da Lei Xeral Tributaria anteriores ao 1 de xullo de 2009, para as infraccións previstas no artigo 191 da Lei 58/2003 anteriores ao 31 de xullo de 2009 e para as infraccións previstas no artigo 198.1 da Lei 58/2003 anteriores ao 31 de marzo de 2009.

Conclúe o alegante indicando que o procedemento de inspección se alongou no tempo un período de 17 meses e 9 días, polo que, ao terse excedido o prazo de duración do procedemento inspector fixado no artigo 150.1 da Lei Xeral Tributaria (12 meses), non pode considerarse interrompida a prescrición como consecuencia das actuacións inspectoras levadas a cabo.

- En terceiro lugar, en relación coa infracción prevista no artigo 203 da Lei Xeral Tributaria, indican que o requirimento do 17 de xaneiro de 2013 foi atendido o 30 de xaneiro seguinte mediante o envío dos padróns fiscais, polo que non pode considerarse, mediante unha interpretación excesivamente estrita, que houbo desatención ao mesmo e, en consecuencia, a proposta de sanción pola eventual comisión da infracción tería que reducirse ata o importe de 150 €.

## II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.-** Considerando que a competencia para a tramitación do presente expediente corresponde a Augas de Galicia, segundo o previsto no artigo 11.8 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, e corresponde a súa resolución ao Presidente deste Ente, de acordo co disposto no artigo 13.2 e) da Lei 9/2010.

**Segunda.-** Considerando que no tocante á primeira alegación relativa á falla de intencionalidade por parte do Concello de Porto do Son no incumprimento das obrigas establecidas na normativa do canon de saneamento, debido a que tales incumprimentos se deberon á precariedade de medios técnicos e persoais para o cumprimento das mesmas, unidos a unha migración de sistemas derivada da necesidade de substituír as aplicacións



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
AUGAS DE GALICIA



Praza de Camilo Díaz Vella, 7-9  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 644 000. Fax 981 644 834  
augasdegalicia@xunta.es  
<http://augasdegalicia.xunta.es>

Número de resolución: 071/071/S/4  
Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2013  
Páxina 3 de 6

informáticas de xestión tributaria e os equipos informáticos, cómpre indicar que o incumprimento das obrigas previstas na normativa do canon de saneamento por parte do alegante non se manifestou nun retraso nas mesmas, senón que na data de inicio das actuacións inspectoras dos períodos 2007 a 2009, en setembro de 2011, o Concello de Porto do Son, non presentara declaración tributaria algunha, e tampouco fixera ingreso algún das cantidades recadadas en concepto de canon de saneamento aos seus abonados respecto dos períodos inspeccionados, circunstancia que non pode atopar xustificación nos motivos aducidos polo interesado, que omitiu por completo as súas obrigas sen facer ningún tipo de comunicación a este Ente no que manifestara as súas dificultades ou buscara colaboración para intentar cumprir coas súas obrigas, polo que, do exposto, debe concluírse, que se ben, e tendo en conta o manifestado neste punto ao respecto polo Concello de Porto do Son, non existiu dolo na súa actuación, non pode menos que concluírse a existencia de negligencia na súa actuación.

En consecuencia, e de acordo co exposto no parágrafo anterior, non pode acollerse a alegación de arquivo deste procedemento presentada polo Concello de Porto do Son, de tal xeito que se continuará coa tramitación legalmente prevista para o mesmo.

Terceira.- Considerando que no referente á improcedencia de impoñer parte das sancións propostas por ter prescrito o prazo para a súa imposición cómpre indicar que, tal e como cita o alegante, o artigo 189.2 da Lei Xeral Tributaria establece que o prazo de prescripción para impoñer sancións tributarias será de catro anos e comezará a contarse desde o momento no que se cometeron as correspondentes infraccións, debéndose ter en conta así mesmo o disposto no artigo 189.3 do mesmo corpo legal, que dispón no parágrafo segundo da letra a) que as accións administrativas conducentes á regularización da situación tributaria do obrigado interromperán o prazo de prescripción para impor as sancións tributarias que poidan derivarse de dita regularización.

En consecuencia, o prazo de catro anos para a imposición das sancións que se puidesen derivar da regularización levada a cabo comezará a computarse desde a finalización do procedemento inspector, concluíndose claramente que non transcorreron desde ese momento os catro anos de prescripción, sen que resulte posible, como parece pretender o alegante, entrar a valorar no seo do procedemento sancionador a validez ou non das actuacións levadas a cabo no seo dun procedemento inspector, e en concreto, o exame do prazo de duración do citado procedemento e a existencia de posibles causas de interrupción do mesmo. Non obstante, e a meros efectos informativos, debe recordarse ao interesado que o artigo 104.2 da Lei Xeral Tributaria, ao que fai referencia o artigo 150.1 do mesmo texto legal, establece que no computo do prazo deben ser descontados os períodos debidos a dilacións no procedemento por causa non imputable a este Ente.

Polo tanto, e de acordo co exposto, tampouco pode ser acollida a segunda alegación formulada polo Concello de Porto do Son, por non ter transcorrido o prazo de prescripción



para a imposición das sancións propostas polas infraccións previstas na proposta emitida por este Ente en data 8 de maio de 2013.

**Cuarta.-** Finalmente, no que se refire á terceira alegación referente á infracción prevista no artigo 203 da Lei Xeral Tributaria, por medio da cal o alegante manifesta que non se pode considerar que houbo desatención ao requirimento formulado o 17 de xaneiro de 2012, cómpre indicar que, de acordo co disposto no artigo 104.a) do Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, "os requirimentos de documentos, antecedentes ou información con transcendencia tributaria que non figuren integramente cumprimentados non se terán por atendidos, sendo neste caso clara a non atención completa ao mesmo, pois no requirimento emitido o 17 de xaneiro de 2012 indicábanse de xeito pormenorizado os datos requiridos, sen que os mesmos fosen aportados polo alegante na súa totalidade, co que, en consecuencia, o citado requirimento non se pode considerar atendido, debendo polo tanto considerar que en ambos casos se produciu a desatención do requirimento.

Polo tanto, non pode acollerse a alegación presentada polo Concello de Porto do Son e deberá manterse a infracción do artigo 203 da Lei 58/2003 segundo o previsto na proposta emitida en data 8 de maio de 2013.

**Quinta.-** Considerando que segundo o establecido no artigo 188.3 da vixente Lei Xeral Tributaria, o importe da sanción debe ser reducida nun 25% no caso de que sexa realizado o ingreso total do importe restante de dita sanción en período voluntario ou no prazo ou prazos fixados no acordo de aprazamento fraccionamento que se tivese concedido con garantía de aval ou certificado de seguro de caución e que o obrigado ao pago tivese solicitado con anterioridade á finalización do prazo do apartado 2 do artigo 62 da citada Lei, e sempre que, non sexa interposto recurso ou reclamación contra a liquidación ou a sanción.

Polo exposto, sobre o total da sanción -78.008,35 €- debe aplicarse unha redución dun 25 % -19.502,09 €- resultando un importe de -58.506,26 €- que constituirá o importe a liquidar.

En consecuencia, atendidas as devanditas consideracións, e en exercicio das facultades legais que teño atribuídas

#### **RESOLVO:**

1.- Declarar responsable ao Concello de Porto do Son da comisión de:

- 5 infraccións tributarias graves, tipificadas no artigo 201 da Lei 58/2003, de 17 de decembro e impoñer unha sanción 1,03 €.



- 6 infraccións tributarias graves, tipificadas no artigo 191.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro e imponse unha sanción de 76.107,32 €
- 8 infraccións tributarias leves, tipificadas no artigo 198.1 da Lei 58/2003, de 17 de decembro e imponse unha sanción de 1.600,00 €.
- 1 infracción tributaria grave, tipificada no artigo 203.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro e imponse unha sanción de 300,00 €.

2.- Liquidar ao Concello de Porto do Son a cantidade de 58.506,26 € en concepto de sanción por infracción tributaria, unha vez deducida a cantidade de 19.502,09 € correspondente ao 25% da sanción aplicable de acordo co indicado no punto anterior (78.008,35 €). Xunto coa presente resolución acompañase a liquidación 071/071/S/006 por dito importe.

3.- A débeda indicada no punto anterior deberase aboar no seguinte prazo

- a) Se a notificación da presente resolución ten lugar entre os días 1 e 15, ata o día 20 do seguinte mes.
- b) Se a notificación da presente resolución ten lugar entre os días 16 e o último do mes, ata o día 5 do segundo mes posterior.

Unha vez transcorridos os devanditos prazos sen que se efectúe o pago, procederase á recadación en vía executiva, salvo que se interpoña recurso ou reclamación contra esta resolución, en cuxo caso a execución da sanción quedará automaticamente suspendida en período voluntario ata que sexa firme en vía administrativa (art. 212.3 da vixente Lei Xeral Tributaria). A suspensión da execución da sanción neste caso non dará lugar á esixencia de xuros de demora.

4.- No caso de que o interesado interpoña recurso ou reclamación contra a presente resolución ou sanción, procederase a esixir, sen máis requisito que a súa notificación, o importe da redución practicada, que no presente caso ascende a 19.502,09 € (art 188, apartado 3, da vixente Lei Xeral Tributaria)

5.- No caso de que a liquidación non sexa pagada dentro do prazo en período voluntario indicado no punto terceiro, quedará sen efecto a redución practicada na sanción (19.502,09 €) e iniciárase o procedemento de recadación en período executivo polo importe total da sanción (78.008,35 €)

Contra esta resolución pode interpoñerse, alternativamente, recurso de reposición ante o Presidente de Augas de Galicia ou ben reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda), no prazo dun mes a partir do día seguinte á presente notificación.




Número de resolución: 071/071/S/4  
Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2013  
Páxina 6 de 6

En calquera dos casos anteriores o escrito de interposición se dirixirá ao Presidente de Augas de Galicia.

Ademais de calquera outro recurso que se teña por conveniente, entre os previstos na vixente lexislación.

O presidente de Augas de Galicia  
(P.D. Resolución 30.01.12 DOG 31.01.12)  
O director de Augas de Galicia



Asdo.: Francisco Menéndez Iglesias